

SEMÁNTICA

A **semántica** estuda o significado das palabras.

Unidades:

- **Sema:** os semas son os trazos significativos das palabras. Ex: cadeira: *asento, con respaldo, con patas...*
- **Semema:** conxunto de todos os semas que se asocian a un lexema.
- **Lexema:** é a unidade mínima dotada de significante e significado. Ex: *cadeira, sofá...*

O conxunto de palabras que teñen *un ou máis semas comúns e algún oposto ou diferenciador* forman un **campo semántico**. Ex: campo semántico dos asentos: *cadeira, banco, banqueta, sofá, escano, tallo*. Semas: *obxecto para se sentar as persoas, con respaldo, para unha persoa, con brazos, con patas, baixo...*

A **denotación** móstranos os semas que configuran a palabra sen ter en conta o contexto, é o significado obxectivo. Pola contra, a **connotación** ten en conta o contexto e fai referencia aos elementos subxectivos. Ex: *formiga* -denotación: o bicho // connotación: traballador/a)

Non sempre se corresponde un significante cun significado, hai diferentes relacións entre as unidades semánticas que favorecen a comunicación:

1.- **A antonimia:** oposición de significados, relación de incompatibilidade.

1.1.- Complementarios *ou privativos*: exclúense un ao outro, non admiten graduación, comparación. Ex: *esquerda-dereita*.

1.2.- Antónimos graduais: non se exclúen totalmente, hai graos intermedios. Ex: *frío-quente*.

1.3.- Inversos ou recíprocos: son dous aspectos dunha mesma relación ou concepto, a presenza dun supón a existencia do outro. Ex: *avoa/neta, vender/comprar*.

Pola súa formación poden ser léxicos (palabras diferentes: *xenro/sogro*) ou gramaticais (mediante prefixos: *feliz/infeliz*).

2.- **A sinonimia:** un mesmo significado ten varios significantes (varias palabras significan o mesmo). Os sinónimos perfectos son moi escasos, sempre hai matices de uso, afectivos, etc.

Ex: *dentista/estomatólogo* son o mesmo pero unha é moito máis culta. Outros exemplos: *ledicia/alegría, falador/falanguero, perna/pata...*

3.- **A polisemia:** un significante ten varios significados.

As principais causas de polisemia son:

- A linguaxe figurada: *ollo* (parte da cabeza-oco dunha ponte), *cabeza* (parte do corpo/guí, dirixente).

- A especialización nun medio social: *fondo* (profundidade/investimento), *operación* (a matemática/a cirúrxica).

- Os cambios de aplicación: *niño* (cama dos paxaros/cama de delincuentes).

4.- **A homonimia:** sincronicamente -no momento- é un significante con varios significados, mais diacronicamente -na historia das palabras- son tamén diferentes significantes (e así figuran nos dicionarios).

4.1.- Homonimia absoluta: *río* (eu río/canle de auga), *cal* (o das paredes/canle).

4.2.- Homonimia parcial:

-**Homófonos (non homógrafos):** pronúncianse igual pero escríbense de xeito diferente: *abano* (para dar aire)- *habano* (de Cuba); *balor* (mofo) - *valor* (valentía).

-**Homógrafos:** escríbense igual e tamén se pronuncian do mesmo xeito (homófonos): *queixo* (parte da cabez) - *queixo* (o feito de leite).

A homonimia pode ser provocada pola evolución fonética converxente ou polos préstamos doutras linguas.

Diferenza entre palabras polisémicas e homónimas:

Polisémicas

- Escríbense igual
- Igual categoría gramatical
- Igual orixe
- Igual entrada no dicionario (varias acepcións)

Homónimas

- Homógrafas (sobre (subst.)/sobre (prep.)) / homófonas (baca/vaca)
- Distinta categoría gramatical
- Distinto étimo
- Distinta entrada no dicionario

5.- As relacións de inclusión ou xerarquía:

5.1.- **Hiponimia:** é a relación de significado entre un termo máis específico (subordinado) e outro máis xeral: *can-animal*, *caravel-flor*, *león-mamífero* (hipónimo-hiperónimo)

5.2.- **Hiperonimia:** é a relación de significado entre un termo máis xeral e outro máis específico: *mamífero-gato* (hiperónimo-hipónimo).

5.3.- **Cohiponimia:** é a relación entre hipónimos dun mesmo hiperónimo: *can/gato* (en relación a *mamíferos*).

6.- Os cambios semánticos: mudanzas de significado. As causas son variadas:

- *Lingüísticas:* contaxio (*lince:* animal / *lince:* que as pilla todas), elipse (*liña* por *coche de liña*).
- *Históricas:* *pluma* (a da ave pasou a ser tamén instrumento de escribir).
- *Socio-culturais:* *vándalo* (pasou de ser un pobo determinado a aplicarse ao que destrúe todo).

Cómpre tamén falar do **tabú** que son palabras consideradas vulgares, inoportunas ou con connotacións negativas. Destacan as relacionadas coas funcións corporais (*cu*, *cagar...*), coa morte, etc. Estas palabras "feas" (disfemismos) son substituídas por outras que as atenúan ou encobren (**eufemismos**). Ex: a palabra *retrete* deixou de usarse e foi substituída por unha adaptación do inglés *váter*, que pasado un tempo tamén se converteu en disfemismo e tivo que ser reemplazada por outras como *lavabo*.

EXERCICIOS:

1. Emparella os **sinónimos** das dúas fileiras:

- a) muxica, sino, bico, colgar, recuar, curmán, comprar, guante, bágoa, acostumar, golpe
- b) peteiro, primo, raposo, faísca, luva, campá, afacerse, pendurar, mercar, lágrima, cear

2. Emparella os **sinónimos** das tres fileiras:

- a) adival, alegre, berrar, mancar, buraco, cuxo, amañar, abrandar, cacheira, esborrexer, verme
- b) trelo, amolentar, discutir, magoar, pucho, cachucha, compor, contento, furado, escorregar, ronco
- c) rello, burato, cachola, arranxar, ledos, rifar, ferir, becerro, coco, esvarar, amolecer

3. Indicar que dúas palabras sobran en cada serie de **sinónimos**:

abarcar, meter, abranguer, comprender, tomar, conter
achar, atopar, coller, bater, encontrar, descubrir
labazada, caricia, cariño, azoute, afago, agarimo
aflicción, pesar, mágoa, nostalxia, dor, contento
querer, alcanzar, atinxir, lograr, conseguir, tentar
enxergar, albiscar, ollar, fitar, divisar, avistar

morte, crime, pasamento, falecemento, óbito, homicidio
orgullo, soberbia, teima, valía, vaidade, arrogancia
catástrofe, desgraza, desdita, desventura, infelicidade, sorte
deserto, despoboado, ermo, carente, ruín, solitario
pulo, chouto, salto, caída, pirueta, brinco
rubio, azul, vermello, encarnado, marelo, colorado

4. Indicar un novo **sinónimo** para cada serie (podes buscalo no texto dado):

- falecer, finar, perecer
- liña, ringleira, serie
- folgo, bafo, sopro
- avoengos, ascendentes, devanceiros
- suave, mol, tenro
- demencia, tolemia, tolería
- sombrizo, tenebroso, calixinoso
- lacazán, nugallán, lerchán
- soportar, padecer, sufrir

Foi un acedo momento o de morrer e irse reunir cos seus antepasados. Botou o último alento e incorporouse preguizoso na fila de ánimas que peregrinaban a Santo André de Teixido. Camiñando por escuros vales e cruzando infinidade de regatos, aturando a humidade e o frío da noite, marchou purgar aquela loucura que fixera anos atrás desprezando o que non debía para algún día poder descansar no brando leito da eternidade.

5. Indica o **antónimo** da palabra resaltada:

- | | |
|--|--|
| •A comida está <u>sosa</u> . | •Hoxe tes cara de <u>enfermo</u> . |
| •O <u>frío</u> excesivo non é bo. | •Vou <u>vestir</u> a boneca. |
| •O café está moi <u>frío</u> . | • <u>Perdeu</u> moito diñeiro no bingo. |
| •Non é <u>fácil</u> saír de aquí. | •Enfrontáronse pola <u>compra</u> da casa. |
| •A botella do aceite está <u>baleira</u> . | • <u>Entrou</u> correndo por aquela porta. |
| • <u>Deitouse</u> ás catro da mañá. | •Hai que <u>castigalo</u> por esa acción. |
| • <u>Achega</u> un pouco ese cinceiro. | •Creo que vai <u>subir</u> o prezo do gas. |
| • <u>Gastou</u> moitos cartos ese ano. | •Aquí sempre me <u>aburrín</u> moito. |
| •Nesa corte hai un boi <u>bravo</u> . | •Sairemos ao <u>amañecer</u> . |
| •Este peixe está ben <u>cocido</u> . | •Sempre camiñaba <u>atrás</u> de nós. |
| •Se pos a folla do <u>dereito</u> , verala mellor. | •Sempre <u>comeza</u> os discursos co mesmo saúdo. |
| •Saíume unha liña ben <u>dereita</u> . | •Cacei unha perdiz <u>macho</u> . |
| •Olla para o lado <u>dereito</u> . | |

6. Ordenar as dúas fileiras para que resulten **antónimos**:

abaixo, amañar, bulir, soltar, encoller, doce, faltar, lembrar, limpar, tirar, atopar, afrouxar, mentira, levar, bo
estirar, traer, apertar, estragar, esquecer, perder, acougar, verdade, mao, agarrar, empurrar, amargo, luxar, sobrar, arriba

7. Escribe 5 palabras do **campo semántico** de accidentes xeográficos:

8. Ebook e e-reader son asemade neoloxismos e anglicismos. Define ‘**neoloxismo**’ e ‘**anglicismo**’ e sinala as formas patrimoniais correspondentes a ebook e e-reader. Escribe outros 4 anglicismos pertencentes ao léxico da informática.

9. Procura no texto dez termos que pertencan ao **campo semántico** da construción e o urbanismo.

É pequena e vermella, os chanzos da escaleira da entrada son estreitos de máis, e as fiestras tan pequenas que mesmo parece que estean a conter a respiración. Hai sitios onde se ven os ladrillos, e a porta da entrada deu tanto de si que hai que puxar con forza para pasar. Non temos xardín na parte de diante, só catro olmos pequeniños que plantou o concello na beirarrúa. Na parte de atrás hai un garaxe para o coche que aínda non temos e un terreo pequeno que aínda semella máis pequeno polos dous edificios que ten aos lados. O que si hai na casa son escaleiras, pero son as escaleiras correntes do vestíbulo, e só temos un cuarto de baño. Todo o mundo ten que compartir cuarto: mamá con papá, Carlos con Kiki e eu con Nenny.

Unha vez cando viviamos en Loomis, pasou ao meu carón unha das monxas do meu colexio e viume xogando na rúa. A lavandaría que había debaixo da casa tiña táboas nas fiestras porque roubaron había dous días, e o dono pintara na madeira: SI, ESTÁ ABERTO, para non perder clientes.

Onde vives, preguntou?

Aí, dixen sinalando o terceiro andar.

Vives *aí*?

Aí. Tiven que mirar para onde ela sinalaba: o terceiro andar, a pintura desprendida, os listóns de madeira que papá cravara nas xanelas para que non caésemos. Vives *aí*? Díxoo dun xeito que me fixo sentir como se non valse nada. Aí. Vivía *aí*

Asentín coa cabeza. Nese momento deime conta de que tiña que ter unha casa, unha casa de verdade, que puidese sinalar. Pero esta non o é. A casa de Mango Street non o é. E só de momento, di mamá. Só unha tempada, di papá. Pero eu xa sei como son estas cousas.